




# CASTELO DE VITRES

Adela Leiro, Mon Daporta  
agosto 2017



**Distancia:** 4 km (ida e volta)

**Dificultade:** media



Unha pequena camiñada na aba sur da Serra da Barbanza, no concello de Boiro. Subida ao Castelo de Vitres, ou ao sitio no que estivo o Castelo de Vitres unha das numerosas torres fortes que houbo ao longo e ao largo do país do que só quedan algunhas pegadas nas pedras do cume, nas que houbo que facer labras para o asentamento dos perpiaños, e partes do camiño que permitía achegarse a el. Pero tampouco é o interese histórico o que nos leva alí senon a paisaxe, as fervezas polas que se descolga o río Lérez, aínda que no verán teñen moi pouco caudal, e as impresionantes panorámicas da ría da Arousa.

Unha curta camiñada, arredor de 1,5 km, para salvar os 230 m de desnivel que hai desde as Escobias ou desde Mosquete ao cume, que se fai por un camiño, nalgús puntos carreiro, que sen perda nos pon ao pé do obxectivo ao que se chega logo por un desvío duns 300 m por carreiros do gando. A volta pódese facer polo mesmo camiño ou facer a andaina circular baixando pola esquerda do cume (mirando á ría) ata un grupo de árbores que se atopa un pouco por debaixo desde onde sae un carreiro que nos leva á estrada, pola que collendo logo cara á dereita temos que percorrer uns 600 m para volver ao lugar de inicio ou collendo un pouco antes de chegar á estrada un desvío á dereita, que vai paralelo a ela tamén nos devolve ao punto de inicio da camiñada.

Para chegar ao punto de arranque da camiñada, desde Boiro, podemos ir por Runs, hai uns 5 km a O Mosquete, ou por Escarabote desde onde hai 3 km ao arranque dunha pista que hai entre as Escobias e O Mosquete onde comezamos a ruta e hai espazo para deixar o coche.




O Castelo de Vitres, o asentamento dun castelo medieval desaparecido hai moitos anos



Calzada de acceso ao castelo





O Castelo de Vítres (á dereita)



Breixo



Cume do Castelo de Vítres e Ría de Arousa



Fervenza no río Lérez



Unha rocha no val do Lérez



Cabalos



Panorámica da Ría de Arousa desde o Castelo de Vítres